

Á ATENCIÓN DO PRESIDENTE DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE CHANTADA.

## Moción do grupo municipal Por Chantada – Candidatura de Unidade Popular a prol de emprego e servizos dignos no eido da atención á Dependencia.



Antom Fente Parada e Cruz Fernández Rodríguez, integrantes de pleno dereito da Corporación do Concello de Chantada e voceiros do **grupo municipal Por Chantada-CUP**, presentan ao abeiro do disposto nos artigos 94.1 e 94.2 do *Regulamento Orgánico Municipal* e 97.2 do *Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais* a seguinte MOCIÓN para a súa discusión e aprobación, se procede, relativa á **Moción do grupo municipal Por Chantada – Candidatura de Unidade Popular a prol de emprego e servizos dignos no eido da atención á Dependencia**.

**A tal efecto, presentamos para a súa discusión, co alvo de suscitar a UNANIMIDADE da CORPORACIÓN que permita a súa aprobación, a seguinte EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

### **COIDAR O PÚBLICO, COIDAR @S NOS@S.**

Este 8 de marzo puxo o foco nos coidados e a pandemia subliñou a importancia de servizos públicos e de calidade na atención aos nosos maiores, entre estes as residencias e o SAF. Porén, tamén os tempos imponen a necesidade de tomar conciencia da importancia de *Coidar a quen cuida*. Esta moción céntrase en **tres eixos para mellorar a atención e os coidados dos nosos maiores, mais tamén para mellorar as condicións laborais de quen os cuida** e, ao cabo, termos uns servizos públicos de maior calidade. **Coidar o público, coidar as nosas.**

### **OUTRO MODELO DE COIDADOS E RURAL É POSÍBEL.**

Por outro lado, tivemos coñecemento da intención da Xunta de, a través do financiamento dos fondos europeos *Next Generation*, impulsar catro proxectos vivenda partillada (*cohousing*) no rural, usando aldeas abandonadas.

Desde Por Chantada defendemos que estes fondos se destinen a proxectos de carácter social, que xeren valor engadido no medio rural, necesitado tanto de prazas de atención a persoas maiores, mais tamén de empregos dignos. É máis, no documento de propostas para as eleccións Galegas de 2020 que Interior Galego Vivo enviou ás candidaturas concorrentes<sup>1</sup>, sinalabamos, entre outras, como medida urxente:

- *Impulso de residencias-piloto en aldeas abandonadas, total ou parcialmente, restauradas a tal efecto.*

---

<sup>1</sup> “Medidas urxentes para un interior galego vivo. Documento autonómicas 2020” in *Interior Galego Vivo*. Dispoñíbel en <https://interiorgalegovivo.wordpress.com/2020/07/03/medidas-urxentes-para-un-interior-galego-vivo-documento-autonomicas-2020/> (última consulta 4/3/2021).

A respecto do anuncio sobre as vivendas compartidas para persoas maiores consideramos que:

1. Rexeitamos a falta de transparencia do Goberno galego a respecto dos proxectos que presenta a optar a fondos europeos. Nen transparencia na listaxe de iniciativas (108, segundo a Xunta) nen nos criterios de adxudicación.
2. Rexeitamos o actual modelo de privatización dos servizos de atención á Dependencia e Terceira Idade, que primou o lucro, con maioría de prazas en residencias privadas e concertadas, insuficientes e desigualmente repartidas polo territorio, cunha escasa rateo de persoal de atención directa. A pandemia amosou o fracaso deste sistema, sendo nas residencias de xestión privada nas que máis contaxios COVID e falecementos se produciron. O modelo e a calidade están cuestionadas, polo que cómpre facer unha transición cara fórmulas de trato centrado na persoa, como pode ser o *cohousing*, e que fixen emprego digno no rural.
3. Como condición indispensábel para a calidade asistencial e xeración de postos de traballo digno, consideramos que os proxectos que se impulsen deben ser xestionados de xeito público ou mediante fórmulas de traballo cooperativo ou PEMES ás que se esixan altos estándares de calidade e rateos axeitados de persoal, así como que se mellore a labor inspectora de Política Social.
4. Semella que os fondos europeos poden converterse nunha fórmula de captación de gasto público por parte de grandes empresas. No sector da atención á Terceira Idade consideramos que debe evitarse agasallar fondos públicos e fontes de negocio a conglomerados empresariais, dependentes de capital privado de fondos voitre, que amosaron primar o lucro sobre a calidade asistencial.
5. É esencial potenciar servizos de atención á Terceira Idade centrados na persoa e que aposten por atrasar o máximo o deterioro cognitivo, algo que pode acadarse co sistema de *cohousing* que, ademais, contribúe para a restauración de vivenda abandonada e á fixación de empregos no rural.
6. O desenvolvemento destes proxectos debe ir acompañado por un reforzo do Servizo de Axuda no Fogar, a modificar do marco legal en relación ás residencias de maiores para

garantir rateos de persoal axeitadas ás necesidades e o impulso de centros de día para fomentar a autonomía persoal.

7. Outra necesidade urxente no eido sociosanitario para o interior galego sería a creación dunha residencia de media estancia de referencia para o sul de Lugo e parte de Ourense, recurso para quen precise un ingreso residencial temporal (por exemplo, para sandar dunha doenza), pois neste momento non hai este servizo e a súa carencia pode acelerar un ingreso temperán en residencia, totalmente evitable.

8. Consideramos que, para a localización destes proxectos, se debe primar aquelas comarcas máis avellentadas e con maior carencia de prazas residenciais, así como aquelas con menor renda per cápita e máis necesidade de postos de traballo. A ese respecto, achegamos un cadro cos recursos dispoñibles nas comarcas do interior galego das que formamos parte as candidaturas, asociacións e colectivos adheridos.

### **COIDAR A QUEN COIDA: CENTRO DE DÍA E GALIÑA AZUL.**

Tamén, a nosa plataforma viciñal no programa electoral de 2019, entre outras cuestións, pulaba por liñas políticas para os nosos maiores e, por exemplo, incluía<sup>2</sup>:

- 1.5.- *Reforzo dos servizo de SAF (Servizo de Axuda no Fogar) e do Centro de día para ampliar a súa cobertura.*
- 1.8.- *Reclamar a xestión pública do xeriátrico de Chantada.*

No entanto, o SAF foi privatizado nesta lexislatura, a pesar de que tal acción, dunha banda, repercútenos nun sobrecusto á viciñanza e, doutra, supón a mingua dos dereitos laborais das traballadoras. Pouco lle importou ao Goberno, que non incluía isto no seu programa electoral.

Canto ao Centro de Día, o de Chantada é o único público da nosa comarca, con apenas 49 prazas<sup>3</sup>, ao que se lle deben somar as 15 do *Centro de día Amodiño*, de iniciativa privada, e tamén

---

2 “Unha alternativa integral Por Chantada” in *Por Chantada*. Dispoñíbel en [https://porchantada.files.wordpress.com/2019/04/unha-alternativa-integral-por-chantada\\_programa-municipais-2019.pdf](https://porchantada.files.wordpress.com/2019/04/unha-alternativa-integral-por-chantada_programa-municipais-2019.pdf) (última consulta 04/03/2021).

3 Dados ofrecidos polo Consorcio de Igualdade e Benestar: [http://www.igualdadebenestar.org/interior.php?txt=arbore\\_web15&lg=gal](http://www.igualdadebenestar.org/interior.php?txt=arbore_web15&lg=gal) (última consulta 04/03/2021).

localizado na nosa vila<sup>4</sup>. Unha oferta totalmente insuficiente para unha poboación crecentemente envellecida. Se observamos os datos demográficos do Concello de Chantada para 2020, xa portanto sen contarmos Carballedo e Taboada, obtemos os seguintes:

Faixa etaria	viciñas e viciños
70-75	504
75-80	486
50-85	436
+85	614
TOTAL	2.040

Naturalmente, non todas estas persoas precisan do Centro de día, mais dá a medida da insuficiencia de 64 prazas para o Concello de Chantada e xa nen digamos para a comarca. De por parte, a situación laboral das traballadoras do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar é coñecida pola súa irregularidade, tanto no Centro de Día, canto na Galiña Azul de Chantada.

Desde o pasado 18 de febreiro comezaron unha greve indefinida, que proseguirá cada quinta feira até que se atenda ás súas demandas e denuncian os servizos mínimos abusivos decretados que actualmente continúan en vía xudicial. Semella mesmo *marca da casa* do PP, pois os servizos impostos na histórica greve do SAF en Chantada foron declarados ilegais por un tribunal, infelizmente tarde. Por certo, é cando menos paradoxal que agora a tenente de alcalde que impulsou a privatización do SAF se poña detrás da faixa e se aliñe coas demandas das traballadoras. Malos tempos para a coherencia.

No entanto, desde Por Chantada si defendemos os dereitos de toda a clase traballadora e aliñámonos coas vindicacións das traballadoras do SAF e do Consorcio, para alén de lembrar que a propia Comisión europea preme o Reino de España para reducir a temporalidade<sup>5</sup>. Tamén por mor diso, chegou o 24 de febreiro pasado ao Senado, cámara en que está Manuel Lorenzo polo grupo popular español como é sabido, a *Proposición de Lei de medidas para garantir, no ámbito do emprego público, o cumprimento da Directiva 1999/70/CE do Concello de 25 de xuño de 1999,*

4 “Centro de día Amodiño” in *Envejecimiento en red*. Dispoñíbel en <http://envejecimiento.csic.es/recursos/centrosdia/registro.htm?iPos=9&id=32372&irPag=1&clave=L4wc7Z2fz6&pos=0> (última consulta 04/03/2021).

5 “La Unión Europea presiona a España para bajar la temporalidad en la Administración” in *El País*. Dispoñíbel en <https://elpais.com/economia/2021-03-03/la-union-europea-presiona-a-espana-para-bajar-la-temporalidad-en-la-administracion.html> (última consulta 04/03/2021).

*relativa ao Acordo marco da CES, a UNICE e o CEEP sobre o traballo de duración determinada.*

Por outras palabras, houbo que agardar 22 anos e sucesivos gobernos en maioría absoluta do PP e do PSOE para que un Goberno, desta volta de coalición e en minoría, dese pasos para cumprir unha directiva europea que favorece os dereitos da clase traballadora. No artigo 5º do devandito texto lexislativo recóllese a conversión en **persoal a extinguir** para dar cumprimento ás disposicións europeas. Esta posibilidade, xa se contempla no ordenamento xurídico interno do Reino, concretamente no artigo 87 da actual *Lei 11/2020, de 30 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021*, é dicir, a Xunta podería xa aplicar isto sen ter que agardar por nengunha nova lei en Madrid.

### A SITUACIÓN DO SAF EN CHANTADA.

De todas e todos é coñecido que Por Chantada se opuxo con vehemencia á privatización do SAF porque era máis custoso para os nosos petos, degradaba as condicións laborais e, ao cabo, só serve para que o Grupo Clece de Florentino Pérez faga caixa a conta dos chantadeses. Tamén nos dous anteriores plenos sinalamos como a empresa incumpría os pregos de cláusulas ao empregar un local municipal e non un baixo alugado ou en propiedade. Tomara, contodo, as irregularidades ficaran por aquí.

En varias ocasións dirixímonos ao alcalde para demandarlle aclaracións sobre os incumprimentos coas traballadoras e a súa situación laboral e a resposta sempre foi que «é cousa delas, elas saberán» e outras expresións que preferimos mesmo non reproducir. Unha defensa fechada da privatización que coidamos que é tempo de deixar de lado.

No SAF de Chantada están a pasar cousas graves que requiren da atención do Goberno municipal, pois ten a obriga de facer cumprir o contrato coa empresa Samaín, que comezou o pasado 14 de setembro, tamén no acordado no plano laboral. É máis por toda a parte, perante o desleixo de moitos concellos, están saíndo á luz as terríbeis situacións que viven as traballadoras do SAF:

Este traballo está rozando a escravitude, estamos moi queimadas. Temos que facer de todo: limpar, cociñar..., somos multiusos. E é moi duro fisicamente, tamén. Nos hospitais e nas residencias hai guindastres para mover os pacientes, pero nas casas normalmente non os hai, polo que eu teño que cargar con todo o peso. E despois, por suposto, non nos recoñecen enfermidades profesionais nin nada parecido. A min faime moita gracia que nos dan uns documentos de prevención de riscos

laborais que din que non podemos cargar máis de 25 quilos nin facer movementos rotatorios. E resulta que teño que cargar cunha señora que pesa 80 quilos.

Ademais é moi distinto como tratan os usuarios, se son homes ou mulleres. A unha muller maior sempre lle din “pero a comida pode facela vostede, non?”. Pero a un home nunca llo din. E así estou eu facéndolle a comida, mentres o home está cortando leña co machado. Se pode cortar leña co machado, pode facer a comida, non cres? Iso que é? Iso é machismo puro e duro.

Había aquí unha rapaza que me daba unha peniña... Tiña 18 anos, era o seu primeiro traballo, e resulta que coidaba a un señor que non paraba de tocarlle as tetas, e a rapaciña acabou marchando porque non aguantaba máis. Díxenllo á coordinadora e o único que me respondeu foi “que lle imos a facer”<sup>6</sup>.

Así as cousas, débese pór o foco nas seguintes cuestións:

1. **Erros na subrogación.** As traballadoras denuncian erros nos finiquitos e imposibilidade de asinar non conforme.
2. Os novos contratos non respetan os **dereitos adquiridos** polas traballadoras co Concello e non se lles deixou obter copia para estudalo con detemento. Daquela, as traballadoras non asinaron e comezaron a traballar sen ter contrato asinado situación que se prolongou meses...
3. Os contratos recollen segundo **convenio**, sen especificar, a pesar de que a cuestión si que está explícita no prego de cláusulas. Hai traballadoras que perciben uns emolumentos por hora que están a anos luz do que marca o convenio.
4. **Deficiencias na seguranza e hixiene no traballo:** as traballadoras denuncian que non se facilitar os EPIs regulamentares expóndoas a elas e aos utentes do servizo. En novembro de 2020, por exemplo, só receberam 20 máscaras circúrxicas cada 15 días e unha caixa de luvas. Todo isto cun único uniforme facilitado pola empresa.
5. O novo contrato contén, a xuízo das traballadoras, **irregularidades** diversas:
  - Xornada laboral de 39 horas cando antes era de 37.5 horas.
  - Semana laboral de segunda feira a domingo cando a tiñan de segunda a sexta feira.
  - Eliminación dos días de permiso de asuntos propios (AP). Tamén están descontando as horas de licenzas por acompañar familiares doentes, cando se contemplaba no convenio municipal.

---

6 “O traballo de axuda no fogar roza a escravitude, estamos moi queimadas” in *Praza Pública*, 8 de marzo de 2021. Dispoñíbel en <https://praza.gal/acontece/o-traballo-de-axuda-no-fogar-roza-a-escravitude-estamos-moi-queimadas> (última consulta 08/03/2021).

- Xeolocalización permanente das traballadoras a pesar da súa manifesta legalidade, por exemplo segundo o exposto na *Resolución 13/2019 da Audiencia Nacional, de 6 de febreiro*, que condenaba a Telepizza.SAU por violar a LOPD e non se pode establecer un réxime disciplinar que supere o establecido no Estatuto dos Trabaxadores e nos Convenios de aplicación.
- No Concello o quilómetro cóbrase a 0.19€ e agora con Clece a 0.18€ e, amais, non se pagan os quilómetros desde o posto de traballo até o primeiro fogar e desde o último fogar até o posto de traballo, tanto pola mañá canto pola tarde.

Corresponde á Concelleira de Servizos Sociais e ao alcalde, responsábeis do contrato, garantir os compromisos sociais e laborais adquiridos pola empresa ou, no seu defeito, pór a andar o procedemento de rescisión do contrato. En todo caso, debe abrirse un expediente e aclarar as cuestións expostas. Máxime cando este contrato pode ser cofinanciado polo Fondo Social Europeo, cuxos fondos non poden ter como destino xerar máis precariedade para as traballadoras e apenas beneficios para o Grupo Clece.

### **Por un financiamento dos servizos xusto.**

Outro cabalo de batalla para nós é que as entidades locais contén cun financiamento xusto e suficiente para garantiren servizos públicos de calidade. Neste sentido, non é ningún segredo que a política da Xunta opta por pasar pesados fardos aos concellos através do cofinanciamento.

Segundo o réxime de cofinanciamneto para escolas infantís e centros de día, xeridos através do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, da Lei 2/2017:

#### I. Escolas infantís.

Para establecer a participación dos concellos na cofinanciación das escolas infantís partírase do custo medio de 4.500 € praza/ano, e, dentro de dita contía, fíxase unha achega municipal de 1.500 € praza/ano, correspondente a unha terceira parte. Nos supostos en que o concello desexe asumir o mantemento integral do centro, estimarase a súa contribución en 600 € praza/ano, polo que, neste caso, a achega final que terán que facer os concellos será de 900 € praza/ano.

#### II. Centros de día.

Para establecer a participación dos concellos na cofinanciación dos centros de día situados no seu termo municipal, estímase o custo dos devanditos servizos en 7.500 € praza/ano. Dentro de dita



contía fíxase unha achega municipal de 2.500 € praza/ano, correspondente a unha terceira parte. Para o cálculo anterior teranse en conta unicamente os usuarios empadroados no concello onde se sitúa o centro de día. A efectos do cómputo terase en conta a media de usuarios durante o ano natural inmediatamente anterior á data de liquidación.”

Así as cousas, o custo destes servizos é elevado para o Concello de Chantada e, de por parte, é preciso aumentar as prazas polo que se prevé que se incremente no futuro. Corresponde entón que a FEGAMP e a Xunta acorden un marco máis xusto para as entidades locais para o que PP e PSOE teñen que moito que dicir. Pouco valen os lamentos en diferentes foros, tamén nesta Corporación, se logo non se adoptan solucións e iniciativas concretas.

No tocante ao **SAF**, a situación aínda é peor e o seu impacto nas arcas municipais é elevadísimo, **915.892€ no orzamento deste 2021**<sup>7</sup>. As achegas dos utentes son minúsculas en relación ao custe e o financiamento da Xunta totalmente insuficiente, aínda se tivermos en conta a achega da Deputación de Lugo para este servizo. É urxente portanto exixirmos unha actualización do módulo SAF, sen actualizar desde 2016, até atinxir 100% do custo real do servizo, máxime cando é unha **competencia autonómica**, conforme o Estatuto de autonomía da Galiza.

Hogano, a **Consellaría de Política Social abona ao concello por volta de 9,7 euros por hora de atención, mais o prezo real sitúase xa nos 18€ por hora** e actualizándose cada ano. Esta situación é insustentábel para as facendas locais, máxime coa pandemia que incrementou a demanda de SAF.

Se o anterior fose pouco, cómpre subliñar que a Xunta orzamentou para 2021 83,6 millóns de euros para o SAF e que só en xaneiro recibiu 45 millóns de euros do Goberno do Estado para reforzar o sistema de dependencia. Porén, sospeitamos que se non exercemos presión eses fondos non se destinarán a corrixir o agravio que padecen as entidades locais.

Vivendas partilladas no rural para dotalo de postos de traballo, rehabilitar traballos e ofrecer un novo modelo de coidados máis humanos.

Direitos laborais para coidar a quen cuida: traballadoras dos centros de día, das escolas infantís e do Servizo de Axuda no Fogar.

---

<sup>7</sup> Aplicación orzamentar 231.227.227.99 “Outros traballos desenvolvidos por outras empresas”.

Financiamento xusto para as entidades locais, sistematicamente maltratadas pola Xunta que logo fachendea de xestión, a pesar de que incrementa ano a ano a débeda pública galega e que sangra os concellos.

**Por Chantada – CUP** ten ben claro de que lado está en todas estas cuestións e agardamos que sexa o mesmo no que se sitúa, sen excepcións, o resto da Corporación.

Por todo o exposto anteriormente, o **grupo municipal Por Chantada-CUP** propón ao Pleno da Corporación do Concello de Chantada o seguinte **ACORDO**:

- 1. Trasladar á Xunta a petición de que unha das vivendas partilladas para maiores no rural, usando unha aldea abandonada, con fondos Next Generation, se realice na comarca de Chantada, con xestión pública ou por parte de cooperativas sociais ou PEMES da zona.**
- 2. Trasladar á Xunta a petición de creación de máis prazas públicas de Centro de Día na comarca de Chantada.**
- 3. Trasladar á Xunta a petición de creación dunha residencia de media estancia de referencia para a Ribeira Sacra (concellos de Lugo e Ourense), para quen precise ingresos temporais en residencia.**
- 4.- Trasladar á Xunta a demanda dunha solución que poña fin á incerteza laboral do cadro de persoal temporal da Galiza azul e do Centro de Día de Chantada, en fraude e abuso de contratación.**
- 5.- Trasladar á Xunta e a FEGAMP a necesidade de rever o financiamento municipal das**

**escolas infantís e dos centros de día por parte dos Concellos para minguar o elevado impacto sobre as facendas locais.**

**6.- Trasladar á Xunta a necesidade de actualizar o módulo do SAF que a Xunta paga aos concellos até cubrir o 100% do custo real do servizo en prezos e mercado.**

**7. Impulsar desde o Servizos Sociais municipais un Banco de Tempo e redes de solidariedade, especialmente para persoas maiores, dentro dun Programa Municipal de Coidados, que contemple actuacións para reforzar os lazos veciñais, para previr a soidade, o illamento e a exclusión, con actuacións específicas de apoio a situacións persoais de malestar, atendendo especificamente a realidade das persoas coidadoras.**

**8.- Abrir desde o Concello de Chantada un expediente que aclare as irregularidades e a situación denunciada polas traballadoras do SAF para garantir que se cumpran os termos dos pregos de cláusulas aprobados. No mesmo, débese dar participación ás traballadoras do SAF de Chantada.**

Moción asinada por Antom Fente Parada na data da sinatura dixital.

**GRUPO MUNICIPAL POR CHANTADA – CANDIDATURA DE UNIDADE POPULAR.**